

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 29/04/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES
DIEGO GARCIA SANTIAGO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29/04/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
CARLOS COIRA LOJO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22 de abril 2024, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/1453

Vista a proposta do Departamento de Recadación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Sistema de Control Artes Gráficas SLU (B15949795), para o subministro de 50.000 impresos para recibos e notificacións de constrinximento para os Departamentos de Rendas, Recadación e Policía Local (autosobre en branco), por un importe total de 4.101,90 e (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 931.22000.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1446

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Coprarosa, SL (B36242956), para subministro de sacos de cemento e baldosas de distintos tamaños e cores, para a reparación das beirarrúas porque é unha necesidade frecuente, xa que é necesario a reposición e reparación de baldosas en mal estado en distintos puntos da vila, por un importe total de 15.015,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1447

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por INTERMACO SL (B36146892) para o subministro de tubos de

saneamento e pluviais para a realización das tarefas de reparación e mantemento das redes de pluviais e saneamento, por un importe total de 14.783,90 € (IVE incluído) con cargo á partida 160.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1448

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones, Obras y Viales SA (COVSA) (B36008886), para subministro de mestura bituminosa en quente (D-12) e emulsión asfáltica (ECR-2) para reparación e asfaltado de estradas polo Servizo de Vías Públicas durante o ano 2024, por un importe total de 18.065,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1449

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa SL (B36533537), para subministro de mestura bituminosa en quente (D-12) e emulsión asfáltica (ECR-2) para reparación e asfaltado de camiños rurais polo Servizo de Vías Públicas durante o ano 2024, por un importe total de 18.097,63 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1450

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GALSUR Proyectos y Obras SLU (B94101946), para aluguer por hora dos distintos vehículos e maquinarias especificados no orzamento para a realización de reparacións non municipio, durante o exercicio 2024, por un importe total de 18.118,24 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.203..

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1464

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Ferreira Castaño, en representación de Asociación Musical Coda, solicitando autorización para celebración dun concerto na Rúa Ramón Otero Pedrayo, o día 29 de xuño de 2024, ás 19:00 horas, para todo o público e de balde. o día 24 de xuño na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, así como a colocación dun escenario de 10x5 m. e 250 cadeiras e unha carpa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso

de peóns.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1469

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, solicitando autorización para celebración dun concerto da Banda de Música Municipal, na Rúa A Florida o domingo 16 de xuño de 2024, ás 12:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- De cara ao tráfico, será necesario baleirar de vehículos ambas marxes da Rúa Florida, no tramo comprendido entre a mesma rúa coa Rúa Bubela, ata a seguinte intersección fronte ao nº 8 (edificio Priorato), polo que os vehículos procedentes de A Laxe ou Rúa Coca circularían pola rúa Bubela, e os vehículos procedentes da Avda. Rodrigo de Mendoza, xirarían ao atopar o corte volvendo de novo á referida avenida.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1484

Dáse conta do escrito presentado por D. Belarmino Lago Diz solicitando a entrega do vehículo inmovilizado pola Policía Local, matrícula C9650BVN, por carecer de seguro obrigatorio, e continuar a inmovilización no seu domicilio mentres non poida asegurar o mesmo, indicando que está realizando os trámites correspondentes para a transferencia do citado vehículo, debido ao falecemento do seu pai, que é o titular do mesmo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do vehículo previo aboamento das taxas devengadas, que ascenden a 91 euros, e comprometéndose o solicitante a continuar coa inmovilización do mesmo ata ter toda a documentación en regra para a súa circulación.

PRP2024/1492

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Patricia González Perez, en representación de TERCAR COMBUSTIBLES SL, como titular da gasoleira situada en Lg. Salgueiral-Bamio

(36618) en Vilagarcía de Arousa comunicando o mal estado da sinalización viaria na que se encontra a estrada VG-4.7 Carril (PO-548)-Baión (N-640) debido ao recente asfaltado da VG vía rápida, co conseguinte perigo que isto ocasiona para a seguridade vial.

Solicita se lle conceda autorización para o repintado da sinalización vial.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o vial indicado é titular da Xunta de Galicia-Consellería de Infraestruturas, polo que é o organismo que deberá autorizar, no seu caso, a realización dos traballos solicitados.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda remitir a solicitude presentada por Dona M^a Patricia González Perez á Consellería de Infraestruturas aos efectos oportunos.

PRP2024/1493

Dáse conta de informe do Xefe da Policía Local en relación coa necesidade de restrinxir a circulación de vehículos pesados nas Rúas do casco urbano de Vilagarcía, indicando que o axeitado sería a sinalización do establecido no artigo 11 da vixente ordenanza de circulación, prohibindo a circulación de vehículos de mais de 12 toneladas.

CAPÍTULO 3.- LIMITACIÓNS

ARTIGO 11 1. Os vehículos con masa máxima autorizada (MMA) superior a 12 toneladas teñen prohibida a circulación e o estacionamento polas rúas urbanas de Vilagarcía de Arousa. Exceptúanse os vehículos de servizos municipais, os autobuses de transporte colectivo urbano, escolar e de menores e os de uso discrecional.

2. En casos excepcionais poderase autorizar a circulación de vehículos con MMA. superior a establecida no parágrafo anterior, nos seguintes horarios: de 09:30 a 11:30 horas; de 15:00 a 18:00 horas e de 22:00 a 08:00 horas

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a petición de vehículos pesados, nas Rúas de casco urbano, de mais de 12 toneladas, así como a seguinte sinalización:

- Colocación sinal vertical R-107, prohibición de entrada de vehículos destinado ao transporte de mercaderías, indicando no sinal 12t.
- 1 sinal na confluencia das rúas Avda. de Cambados/Pablo Picasso (prohibindo acceso en sentido a Doutor Tourón).
- 1 sinal na confluencia das rúas Pablo Picasso/Valle Inclán (prohibindo acceso en sentido Avda. da Mariña).
- 1 sinal en Avda. Doutor Tourón á altura da Glorieta da Mariña Española (prohibindo a circulación en sentido á Avda. de Cambados).

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2024/1556

Dáse conta do escrito presentado por D. Rogelio Andrés Torres Nuñez, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa colocación dunha mesa na Praza de Galicia o día 27 de abril de 2024, de 10:00 a 14:00 horas, para un acto de recollida de sinaturas a favor da iniciativa lexislativa popular para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1597

Vista a proposta da Area de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto correspondente ao deseño de sinalética das novas instalacións da Biblioteca Pública Municipal por importe de 1.226,58 € incluído), de conformidade co orzamento de Visual Graphics, Imagen y Publicidad SL, con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1599

Dáse conta do escrito presentado por D. Víctor Manuel Reyero Rodríguez, en representación de Servicio Cultura Deporte y Recreación SL, comunicando a aplicación das novas tarifas da piscina municipal a partir do 1 de maio de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1608

Dáse conta pola Concellería de Servizos e Medio Rural, que debido ao recente cambio no sistema de contenerización e recollida dos residuos municipais, a partir do próximo 15 de maio de 2024 deixarán de ter utilidade os antigos contedores de rodas de carga traseira e unicamente se recollerán os residuos que sexan depositados nas novas illas de contedores de carga lateral instaladas na vía pública.

No caso do Centro de Saúde de San Roque, poderá utilizarse a illa de contedores máis próxima, (hai unha en fronte, situada na Avda. das Carolinas nº26). Se o precisan, poden solicitar a recollida porta a porta do papel e cartón, para o cal deberán contactar previamente no 986501617 e inscribirse en dito servizo.

No caso do Hospital do Salnés, os residuos depositaranse nos novos contedores instalados no muelle de carga, como xa se está a facer actualmente, tendo en conta que os residuos orgánicos procedentes das cociñas deberán ser depositados no contedor marrón destinado á recollida separada desta fracción, tal como se esixe na nova Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (Art. 25).

Así mesmo, lembrámoslle que a administración municipal unicamente ten a obriga de xestionar os residuos domésticos e asimilables a domésticos, non sendo da súa competencia os residuos sanitarios, que deberán separarse e xestionarse segundo se establece no Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, publicada no DOG nº 62, de 1 de abril de 2015.

De conformidade co Anexo VII deste decreto os residuos do Centro de Saúde de San Roque e do Hospital do Salnés que pode xestionar o Concello os seguintes:

Clasificación		Residuo	Procedencia	LER	Descrición	Observacions	Recollida separada	Xestión
Residuos sanitarios	Clase I. Residuos	Papel e cartón	Xeral	20 01 01	Papel e cartón	Xunto con envases de papel e cartón	Sí, xunto con envases papel	Servizo municipal

Clasificación		Residuo	Procedencia	LER	Descrición	Observacions	Recollida separada	Xestión
non perigosos	domésticos	Vidro	Xeral	20 01 02	Vidro		Sí, xunto con envases de vidro	
		Fracción orgánica	Cociña, comedor	20 01 08	Residuos biodegradables de cociñas e restaurantes		Sí, en concellos onde se fai a recollida separada de orgánicos	
		Mesturas de residuos municipais	Cociña, comedor, xeral	20 03 01	Mesturas de residuos municipais	Se recollen ba biksa di resti de resudyis que bib se segregan de forma diferenciada	Non	
		Aceites	Cociña	20 01 25	Aceites e graxas comestibles		Sí	
		Envases valeiros de papel	Cociña, comedor, xeral	15 01 01	Envases de papel e cartón		Sí, Xunto con papel/cartón	
		Restos de poda	Jardinería	20 02 01	Residuos biodegradables		Sí, nos concellos onde se fai a recollida separada	
		Envases valeiros de vidro	Cociña, comedor, xeral	15 01 07	Envases de vidro		Sí, xunto con vidro	
		Envases valeiros mesturados (brick, latas, plástico)	Cociña, comedor, xeral	15 01 06	Envases mesturados	Envases de bolsa amarela	Sí nos concellos onde se fai recollida separada de envases lixeiros	

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao SERGAS- Área Sanitaria Pontevedra-Salnés o anteriormente exposto e solicitar que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades pertinentes na xestión dos residuos xerados nestes centros.

PRP2024/1678

Dáse conta que debido ao recente cambio no sistema de contenerización e recollida dos residuos municipais, a partir do próximo 15 de maio de 2024 deixarán de ter utilidade os antigos contedores de rodas de carga traseira situados no muelle de carga, e únicamente se recollerán os residuos do Centro Comercial Arousa (Hiperfroiz e demais establecementos existentes neste centro) que sexan depositados nas novas illas de contedores de carga lateral instaladas na vía pública.

Segundo establece a nova Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados no seu artigo 20.1, os produtores de residuos están obrigados a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos; ben sexa realizando o tratamento dos residuos por sí mesmos, cando se dispoña da correspondente autorización; encargando o tratamento a un negociante ou xestor de residuos autorizado; ou entregando os residuos a unha entidade pública ou privada de recollida de residuos.

Así mesmo, conforme ó artigo 20.3, o produtor de residuos comerciais non perigosos deberá separar en orixe e xestionar os seus residuos de conformidade coas obrigas establecidas en dita lei, acreditando documentalmente a correcta xestión ante a entidade local, ou ben poderá acollerse ao sistema público de xestión dos mesmos, cando exista, nos termos que se establezan.

En base ao anterior e no caso de que decidan continuar acolléndose ao servizo municipal de xestión de residuos, estes deberán depositarse correctamente diferenciados nos contedores correspondentes a cada fracción de residuos (envases lixeiros, papel e cartón, vidro, fracción orgánica e fracción resto/indiferenciados), que se localizarán nas proximidades do Centro Comercial.

No caso concreto dos residuos orgánicos, tal como se recolle no artículo 25 da mencionada Lei 7/2022, “xa sexan xestionados polas entidades locais coma de forma directa por xestores

autorizados, os produtores destes biorresiduos deberán separalos en orixe sen que se produza mestura con outros residuos para o seu correcto reciclado". Polo tanto, para a súa xestión municipal, estes residuos deberán ser previamente diferenciados e depositados no novo contedor marrón destinado á recollida separada desta fracción, para o que se lles facilitará o material necesario (cubos e bolsas compostables) así como as tarxetas electrónicas para apertura do contedor. Quedan exceptuados neste caso os residuos SANDACH (subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano), que deberán xestionarse independentemente mediante un xestor autorizado, conforme ó Regulamento (CE) nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea.

Respecto aos residuos de papel e cartón, se o consideran oportuno poden adherirse ao servizo municipal de recollida porta a porta comercial, para o cal deberán contactar previamente no 986501617 e inscribirse.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao CENTRO COMERCIAL AROUSA o anterior exposto e solicitar que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades pertinentes na xestión dos residuos xerados neste centro.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/1551

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 1º trimestre do ano 2024.

Mes de xaneiro: 54.387,74 €

Mes de febreiro : 54.019,82 €

Mes de marzo: 57.872,64 €

Total nómina neta 1º trimestre: 166.280,20 €

Total devengado: 166.280,20 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1552

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da comunicación de pagamento remitida pola Dirección Xeral de Inclusión Social en relación ao anticipo do 50% no 1º cuadrimestre do 2024 da cantidade financiada en 2023 ao abeiro do disposto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

1º anticipo do 50% da transferencia finalista: 104.848,09 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2024/1569

Dáse conta do expediente para adxudicación do contrato menor de "Obras de acondicionamento de espazos e mellora da accesibilidade nas áreas e zonas comerciais do Concello de Vilagarcía

de Arousa", dentro do marco da Orde Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, modificada pola orde ICT/99/2023, do 31 de xaneiro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, e procédese á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCÍA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O orzamento base de licitación, sen IVE é de 28.178,65 €, e de 34.096,17 € (IVE incluído).

Solicitaronse tres ofertas a:

- MONTAJES J.M. IGLESIAS SL (CIF B36130649)
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA SL (CIF B36528883)
- CONSTRUCCIONES FRANMANE SLU (CIF B36258876)

Na solicitude de oferta remitida ás empresas se lles deu traslado dos criterios de adxudicación.

Dentro do prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, as citadas empresas remitiron os orzamentos que figuran unidos ao expediente.

Revisada a documentación remitida, o resultado da valoración de ofertas é o seguinte:

EMPRESA	PREZO	MELLORA	PUNTUAC. PREZO	PUNTUAC. MELLORA	TOTAL
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	28.000,00€	- Prazo de garantía: incremento deo prazo de garantía en 1 ano	60 puntos	20 puntos	80 puntos
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	28.178,65€	-	0 puntos	0 puntos	0 puntos
CONSTRUCCIONES FRANMANE, S.L.U.	28.100,00€	-	26,41 puntos	0 puntos	26,41 puntos

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de Obras de Acondicionamento de Espazos e Mellora da Accesibilidade nas Áreas e Zonas Comerciais do Concello de Vilagarcía de Arousa á Empresa MONTAJES JM IGLESIAS SL (B36130649), polo importe de 28.000,00 € (sen IVE) e 33.880,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 92024.866.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1605

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2023", a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o ontrato menor de "Servizo de formación complementaria dun curso de rescate en río, inundacións e crecidas (14 h) para a especialidade de Socorrismo en Espazos Acuáticos á Empresa ARREPIONS CB, por un importe total de 1.920,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22799, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2024/1602

Dáse conta da solicitude de Dona Veronica Rodríguez González, de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 1 e 2 exteriores, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionario D. José Luis Domínguez Lorenzo.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que a Sra. Rodríguez González curmpiu o proceso de transmisibilidade ds concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 04-03-2024 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 12 de marzo ao 26 de marzo de 2024 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 1.600 € en concepto de traspaso da concesión dos postoss nº 1 e 2, da zona H, da praza de abastos, destinados a alimentación.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de Dona Veronica Rodríguez González dos postos nº 1 e 2, da zona H, da Praza de Abastos de Vilagarcía de arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende a subasta de 19-11-86, data de adxudicación ao anterior concesionario D. José Luis Domínguez Lorenzo), correspondendolle por tanto trece anos de concesión.

PRP2024/1603

Dáse conta da solicitude de Dona Natalia Alonso Roma, de cambio de titularidade o seu nome, dos postos 53-54-55 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona M^a del Carmen Muñiz Soto.

Visto o informe do Xefe de Mercados, no que se indica que a Sra. Alonso Roma curmpiu o proceso de transmisibilidade ds concesión, de conformidade co preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos, como son o acordo de Xunta de Goberno Local, de data 4 de marzo de 2024 e a exposición ao público no Taboleiro da Sede Electrónica deste Concello, do 12 ao 26 de marzo de 2024 (15 días).

Así mesmo aporta o xustificante de pago da liquidación, por importe de 2.400 € en concepto de traspaso da concesión dos postos 53-54-55 da Praza do Peixe de Vilagarcía de Arousa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade a favor de Dona Natalia Alonso Roma dos postos nº 53-54-55 da Praza do Peixe Vilagarcía de arousa, polos anos que queden de vixencia da concesión (dende o acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 07-03-1990, data de adxudicación á anterior concesionaria Dona María Carmen Muñiz Soto dos postos 54-55 e dende a data de adxudicación do posto 53 (Xunta de Goberno Local de data 27-02-2012), correspondendolle por tanto:

- Dezaseis anos de concesión dos postos 54-55.
- Trinta e oito anos de concesión do posto nº 53.

CULTURA

PRP2024/1557

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a programación cultural do Día das Letras Galegas 2024, por un importe total de 3.305,75 €, con cargo á partida 334.22637, coa seguinte desagregación:

ACTIVIDADE	PROVEDOR	ORZAMENTO
1 CONTACONTOS: Tinta do mar.	Polo Correo do Vento SC	453,75 €

	Pequena biografía de Luisa Villalta Polo Correo do Vento SC	Rúa Santa Clara 29-2º A 36002-PONTEVEDRA CIF: J94077047	21%
2	FESTIVAL LETRAS GALEGAS AC Nós de Sobradelo	Asociación Cultural NÓS DE SOBRADELO Rúa A Pereira nº 15 – Sobradelo CIF: G36043933	600,00 €
3	DIA DAS LETRAS GALEGAS ESCOLAR AC A Mesa das Verbas Libros participantes: 50 unidades colección Mulleres Galegas “Tinta do Mar. Pequena, biografía de Luísa Villalta”	Edicións Lela Carlos Roberto Álvarez Taboada Av. Eduardo Pondal 19-5º D 36003-PONTEVEVEDRA NIF: 44085088E	300,00 € IVE 4%
4	DIA DAS LETRAS GALEGAS EN CARRIL Concerto Xosé Duarte Proxecto Limiar	Xosé Duarte Rañó Bueno Rúa Preguntoiro 2, porta B NIF: 35432994e	1.452,00 € IVE 21%
5	SGAE		Por definir 500,00 €
TOTAL			3.305,75 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1559

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de HISCOX SA para a contratación dunha póliza de seguro para a exposición "TERRA... un itinerario pola natureza", por un importe total da prima de 214,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.224.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1561

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 18 de marzo de 2024 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan + Provincia 2024, con destino ao financiamento de "gasto corrente derivado da programación cultural deportiva e social do Concello, figurando no mesmo unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 46.415,60 € para “Combate Naval 2024” (100% do orzamento presentado).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1562

Vista a solicitude de D. Anxo Lúa Ares, en representación de Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun evento popular "Churrascada Sobradelo Existe" o vindeiro día 17 de maio de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo (Grupo de Gaitas) por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas

de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/1563

Vista a solicitude de D. Luis Cardalda Meléndez, en representación da Asociación Cultural Marajota e Media, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración do Día da Nai o vindeiro día 4 de maio de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán - Máximo Patiño Méndez (Coral) por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/1564

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños a Golpelleira de A Torre, por un importe total de 1.735,25€:

Concepto	Importe	Partida	Provedor
Actuación musical o día 5 de outubro no Centro Cultural A Torre	495,00 €	334.22703	Javier Sánchez Solla (35447398M)
Actividade Infantil (Inchables, tobogan, etc)	1.240,25 €	334 22703	Vázquez SC (Infantilandia.
	1.735,25 €		

Acórdase así mesmo o reintegro da cantidade sobrance (64,75 €) á partida orzamentaria correspondente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1565

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, como Directora da Autoridade Portuaria, e para o uso da Sala de Conferencias, o día 26 de abril de 2024, en horario de 15:30 a 17:30 para a realización de probas de selección e vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que de conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debora aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 3 horas x 15,25 €/hora = 45,75 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/1571

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento correspondente á Celebración dos Maíos 2024 e a adxudicación correspondente conforme aos orzamentos presentados, por un importe total de 4.360,00 €, coa seguinte desagregación:

PARTIDA	NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO	IMPORTE
---------	-------------	-----	----------	---------

334.48100			Participación Festa dos Maios 2024	3.106,00 €
334.22609	PANIFICADORA VICTOR CORDO E HIJOS SL	B36322758	60 kg. roscas (prezo por kg. 15,50 €)	930,00 € (IVE incluído)
334.22699	ADEMAR SILVOSO ABAL	76867504D	Presentación Festa dos Maios	330,00 € (IVE incluído)
TOTAL GASTO				4.360,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2024/1115

Dáse conta do expediente de contratación CT 89/2023-e tramitado mediante Procedemento Aberto, non suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Reposición do céspede artificial no Campo de Fútbol Manuel Jiménez", cun orzamento de licitación de 222.297,00 € (sen IVE) e de 268.979,37€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: A50308139 MONDO IBERICA, S.A.U.

NIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta excluído	IVE	Baixa	% baixa	Desv. da media
MONDO IBÉRICA, S.A.U.	220.429,81 €		-1.867,19 €	99,16	1,36
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.U.	214.516,60 €		-7.780,40 €	96,50	-1,36

A mesa de contratación, tendo en conta o informe do Arquitecto Municipal e en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, acorda asignar ás ofertas admitidas a seguinte puntuación:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA			MELLORAS			TOTAL PUNTOS	
	Oferta incluído	IVE	Desv. da media	Puntos oferta económica	Aumento do prazo de garantía	Mellora cualidade do céspede		Memoria técnica
MONDO IBÉRICA,	220.429,81 €		1,36	2,40	20	40	30	92,40
ZONA DE OBRA O ROSAL	214.516,60 €		-1,36	10,00	15	40	23	88,00

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: A50308139 MONDO IBERICA, S.A.U. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 30

Total criterios CAF: 62.4

Total puntuación: 92.4

Orde: 2NIF: B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL SL

Total criterios CJV: 23

Total criterios CAF: 65

Total puntuación: 88

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de obra denominado "Reposición do céspede artificial no Campo de Fútbol Manuel Jiménez", cun orzamento de licitación de 222.297,00 € (sen IVE); 268.979,37 € (IVE incluído), á empresa con CIF A50308139 MONDO IBERICA, S.A.U de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor

relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 342-63200, unha vez aprobada a resolución da Alcaldía, que posteriormente será ratificada.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 220.429,81 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 46.290,26 €, o que totaliza un importe de 266.720,07 € (IVE incluído)

- Melloras:

- Aumento do prazo de garantía e labores de mantemento (4 anos)
- Mellora da calidade do céspede.

PRP2024/1116

Vista a proposta da Concellería de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao Arquitecto Municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 89/2023-e “Reposición do céspede artificial no Campo de Fútbol Manuel Jiménez”.

PRP2024/1497

A Xerencia de Urbanismo segue a ter pendente de cubrir a praza de Enxeñeiro Municipal.

A prestación de servizos de enxeñería ao Concello de Vilagarcía de Arousa é necesaria para o bo funcionamento da Xerencia Municipal de Urbanismo e que comprende os seguintes traballos:

- Emisión de informes.
- Redacción de proxectos técnicos e estudos.
- Dirección e inspección de obras.
- Coordinación en materia de seguridade e saúde de obras.
- Asesoramento á Corporación en materias propias da súa competencia profesional.
- Atención as consultas que se lle poidan prantexar.
- Calquera outra tarefa, relacionada coa súa competencia profesional que lle poida. ser encomendada polos órganos de goberno do Concello.

Son varios os contratos de obra nos que o actual prestador do servizo é director e/ou coordinador de seguridade e saúde que se atopan sen finalizar, así como diversos traballos de competencia da Xerencia de Urbanismo (informes, redacción de proxectos, etc.) que non poden demorarse, polo que interromper neste intre a prestación do servizo con levaría un grave prexuízo ao interese público.

